



O nome **substantivo** é unha categoría gramatical variable en xénero e número, que desempeña a **función de núcleo da frase substantiva** e que designa seres animados e inanimados, accións, estados, sentimentos e calidades.

Dende un punto de vista morfolóxico está constituído por: Morfema Radical + Morfemas Flexivos (Xénero + Número)

O XÉNERO

En galego hai palabras que ous son sempre masculinas ou sempre femininas.

Son masculinos

- Nomes das letras, números, océanos, mares, ríos e puntos cardinais (*oa, o cinco, o Índico, o Báltico, o Sil, o norte*).
- Substantivos terminados en -i (*openalti, o taxi...*), -me (*o abdome, o legume...*, salvo *a fame, a síndrome...*), -o (*o peto, o riso...*, excep- to *o dinamo, a foto...*), en -ote (*o dote, o lote...*, mais *a glote*), en -u (*o xampú, o chapéu...*) e en t/-g/-f/-k/-h (*o flash, o robot...*).
- Substantivos como *o berce, o couce, o fel, o labor, o leite, o mel, o nariz, o sal, o sangue, o sinal...*

Son femininos:

- Os nomes das árbores froiteirase do seu froito (*o maceira/amazá...*). Excepcións: *a figueira/ o figo, o limoeiro/ o limón*.
- Substantivos acabados en -a (*a auga, a alma...*, salvo *o mapa, o planeta...*), -ade (*a idade, a liberdade...*, mais *o trade*), -axe (*a friaxe, a viaxe...*, agás *o paxe, o traxe, o garaxe* e *o personaxe*), -ite (*a elite, a otite...*, excepto *o convite, o quite...*) e -se (*a análise, a aparente- se...*, salvo *o envase, o interese...*).
- Substantivos como *a arte, a calor, a cor, a calor, a dor, a fraude, a orixe, a orde, a ponte, a suor...*

...

Formación xeral do feminino en substantivos con oposición de xénero

Masculino	Feminino	Exemplos
-o, -e	-a	<i>gato/gata</i>
-ó	-oa	<i>avó/avoa</i>
-r, -l, -z, -s	-ra, -la, -za, -sa	<i>doutor/doutora</i>
-án	-á	<i>irmán/irmá</i>
	-ana (pex.)	<i>folgazán/folgazana</i>
-ón	-oa	<i>león/leoa</i>
	-ona (pex.)	<i>lambón/lambona</i>
-ín	-ina	<i>bailarín/bailarina</i>
Heterónimos (flexión mediante sufixo ou palabra diferente)		<i>abade/abadesa</i> <i>actor/actriz</i> <i>cabalo/egua</i>
		<i>galo/galiña</i> <i>heroe/heroína</i> <i>home/muller</i>
		<i>padriño/madriña</i> <i>profeta/profetisa</i> <i>rei/raíña</i>

De xénero contextual (flexión marcada con pronomes ou adxectivos)	<i>o/a cómplice</i> <i>o/a guía</i> <i>o/a herexe</i>		<i>o/a mártir o/a suicida o/a estudante</i>	<i>o/a xerente o/a frautista o/a xornalista</i>
---	---	--	---	---

Epícenos (unha única forma designa persoas ou animais dos dous sexos) formiga macho/femía

Diferencias de significado:

Tamaño e/ou forma	<i>agro/agra, barco/barca, machado/machada</i>
Cantidade	<i>froito/froita, gran/gra</i>
Distinción de seres e obxectos	<i>zapato/zapata, manto/manta</i>
Pares homónimos	<i>o cólera / a cólera, o editorial / a editorial</i>

O NÚMERO

En galego hai substantivos que non teñen flexión de número. Van sempre en singular: *caridade, leite, norte, saúde*... Van sempre en plural: *cóxegas, maniotas, tebras, témporas*

Formación do plural so substantivo

Singular	Plural	Exemplos
-vogal	Acrecentan -s.	<i>café/café, noite/noites, lei/leis</i>
-n		<i>canon/canons, irmán/irmáns</i>
-s	Son invariables.	<i>o/os atlas, o/os mércores</i>
graves e esdrúxulos		<i>compás/compases, deus/deuses</i>
agudos	Engaden -es.	<i>muller/mulleres, voz/voces</i>
-r, -z		<i>fol/foles, mal/males</i>
l	Mudan -l por -is.	<i>baúl/baúis, cristal/cristais</i>
monosílabos		<i>caníbal/canibales, mísil/mísiles</i>
agudos polisílabos	Acrecentan -es.	<i>o/os luns, o/os tórax</i>
graves		<i>clip/clips, complot/complots</i>
-ns, -x [ks], -ps	Son invariables	<i>póster/pósteres/pósters</i>
-consoante diferente de -n, -r,	Engaden -s.	
-s, -l, -z	Presentan dous plurais.	

Nos substantivos compostos

Compostos ligados (con ou sen trazo)	Engade -s.	<i>augardente/augardentes, clara-boia/claraboias</i>
	Acrecenta -es.	<i>parasol/parasoles, galego-portugués/galego-portugueses</i>
	Permanece invariable	<i>o/os parabrisas, o/os paraugas</i>
Compostos non ligados	Flexiona a 1.ª palabra.	<i>moble bar/mobles bar, cabalo do demo/dodemo</i>
	Varía en número a 2.ª palabra.	<i>baixo relevo / baixo relevos</i>

	Ten plural nas dúas palabras.	<i>ourizo cacho / ourizos cachos, garda civil / gardas civís</i>
--	-------------------------------	--

Hai substantivos que diferencian significados .Fume ‘vapor’ / fumes ‘fachenda, orgullo’; auga ‘H₂O’ / augas ‘augas medicinais’...

Osestranxeirismos, seguen as regras de formación de plural das demais palabras: *pizzas, zooms, os fax*. Os estranxeirismos pouco integrados no galego, que alternan a formación do plural nesta lingua coa que lles corresponde conforme as regras da lingua de orixe: *hippys* ou *hippies*, *gánsteres* ou *gánsters*.

Desde un punto de vista semántico podemos clasificar o substantivo en:

Común	Concreto	Contable	Individual
<i>océano</i>	<i>riso</i>	<i>anel</i>	<i>abella</i>
Propio	Abstracto	Non contable	Colectivo
<i>Atlántico</i>	<i>alegría</i>	<i>ouro</i>	<i>enxame</i>